



## BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2021

1. O **CAMPAMENTO DE VERÁN** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e cativas, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. O Campamento de Verán está **DIRIXIDO** a nenas e nenos con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o **1 de xullo e o 31 de agosto de 2021 (de luns a venres)** nas instalacións do CPI de Pontecesures situado na rúa Avelino Pousa Antelo, 2 – Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures. Con preferencia para:

As persoas (nais e pais) que acrediten ter **NECESIDADES DE CONCILIACIÓN** mediante declaración responsable na que se indicarán: contratos laborais, vida laboral e/ou certificado de empresa que reflicta os horarios de traballo.

FAMILIAS MONOPARENTAIS.

FAMILIAS NUMEROSAS.

**POR INGRESOS:** Terán preferencia aquelas familias que acrediten ter menos ingresos (datos IRPF 2020), sempre tendo en conta que a unidade familiar non pode superar en 6,5 veces o IPREM 2020 (incrementarase esta referencia nun 15% no caso de familias monoparentais ou numerosas).

Reservaranse un 8% das prazas para nenos/as de familias derivadas polos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

En todo caso terán preferencia ás nenas e nenos empadroados no Concello de Pontecesures, logo as fillas e fillos de persoas que traballen no termo municipal de Pontecesures; e por último as nenas e nenos empadroados/as noutros concellos.



As situacións manifestadas na devandita declaración responsable (contratos, certificados de empresa, situacións de familias monoparentais ou numerosas, ingresos e xustificantes de empadramento) poderán ser requeridas polo Concello de Pontecesures a efectos de comprobación.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. As **QUENDAS**, quedan distribuídas do seguinte xeito (DE LUNS A VENRES):

- ↳ Primeira quenda. Do 1 ao 15 de xullo.
- ↳ Segunda quenda. Do 16 ao 30 de xullo.
- ↳ Terceira quenda. Do 2 ao 13 de agosto.
- ↳ Cuarta quenda. Do 16 ao 31 de agosto.

7. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 30 prazas por quenda. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 10 solicitudes por quenda .

8. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e a declaración responsable do apartado 4 destas bases e aportando a documentación que se require en dita solicitude a cal poderán descargar na seguinte ligazón <http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1599> ou recoller nas oficinas do Concello. Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

9. **PRAZO DE INSCRICIÓN.** Ata o **luns 25 de xuño** para as inscricións das 4 quendas. Ata o **martes 23 de xullo** para as inscricións do mes de agosto (3ª e 4ª quenda).

Poderá facerse dende o primeiro día a inscrición para todo o Campamento ou para varias quendas.

10. **ACEPTACIÓN DAS BASES.** As persoas que presenten inscrición nesta actividade aceptan tácitamente o disposto nas presentes bases.